

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

### Cociña Creativa

Este ano comenzo a actividade de cociña creativa que é impartida por dúas monitoras. Tivo unha boa acollida e nela temos inscritos 23 nenos/as.

Os obxetivos que se buscan son os seguintes:

Pasalo ben, aprender a cociñar e saber presentar as comidas de xeito atractivo e orixinal.

Adquirir coñecementos de nutrición, hábitos de hixiene e orde, conseguir habilidades sociais e respecto ós demais, disfrutar axudando ós maiores nas tarefas da cociña e aprender sobre hábitos culinarios doutras culturas.

Favorecer a lingua, a lectoescritura, axilizar os coñecementos matemáticos, conseguir destreza de pensamento e aprender coñecementos de ciencia ó ter que interpretar as receitas e pesar os ingredientes.

Todo isto é o que están aprendendo os nosos pequenos futuros chefs que xa fan obras de arte como estas:



## CONCURSO FERTIBERIA 2012


Despois do prazo de presentación dos traballos, recibimos un total de 53 debuxos e pinturas que xa foron enviados ó concurso. Unha copia dos mesmos está exposta no blog e no taboleiro da ANPA na porta do colexio. Na festa do Nadal procederase á entrega dos premios ós mellores de cada ciclo e dun agasallo a tódolos participantes.



*Pinturas participantes no concurso Fertiberia 2012*

Remata o prazo para facerse socio/a da  
ANPA Brigantium: data límite: 15 de novembro.

### Actividades Extraescolares 2012/2013



## Boletín para os pais/nais

Novembro 2012



Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

## Plan de Mellora de Bibliotecas

Dende a Anpa queremos transmitir os nosos parabéns ó colexio pola súa entrada no Plan de Mellora de Bibliotecas, que permitirá que ano tras ano se dote de máis recursos que a optimicen e dinamicen como se ven merecendo nestes anos grazas a unha boa xestión. Para quen non o coñeza, o plan procura incentivar e impulsar o desenvolvemento de proxectos de biblioteca escolar que recollan:

- ✓ A organización, actualización e dinamización da biblioteca do centro, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.
- ✓ A súa contribución á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe e á adquisición das competencias básicas do alumnado.
- ✓ A imprescindible integración de cultura impresa e cultura dixital.
- ✓ A realización de actividades de formación de usuarios das bibliotecas e os seus recursos.
- ✓ O papel da biblioteca no Proxecto Lector de Centro.
- ✓ O fomento da lectura..



O noso cole foi dotado este ano pola consellería de educación cunha cantidade duns 8.000 € e a Xunta enviou o mobiliario pactado. Tamén o concello proporcionou novos estantes para a biblioteca.

## Lei Wert: Así, Non Grazas

Ninguén dubida que a educación dun neno se basea en dous pilares fundamentais: "**A FAMILIA**" e "**O COLEXIO**". Por iso, é primordial que ambas as dúas vaian da man e se complementen mutuamente.

Actualmente nos colexios o máximo órgano decisivo onde se aproban as normas básicas de funcionamento do colexio é o "consello escolar". No consello escolar participan todos os colectivos que existen nun colexio entre eles os pais que teñen os seus representantes con voz e voto.

Na lei LOMCE que presenta o Ministro Wert os consellos escolares transfórmanse nuns órganos meramente consultivos convertendo desta forma aos pais nuns **actores secundarios** sen ningunha capacidade de manobra.

Este é só un exemplo polo que dicimos que é unha reforma que quere implantar un modelo autoritario cun **sistema de revalidas** que segregan e exclúe en vez de integrar e potenciar.

Dende as ANPAS cremos que o noso sistema educativo necesita unha **profunda reforma** pero debe ser realizada dunha forma consensuada entre toda a comunidade escolar e colectivos que forman a nosa sociedade. Facer leis e reformas educativas que con cada cambio de goberno son reformadas ou directamente eliminadas non ten ningún sentido.

Se a nosa sociedade de benestar non consegue poñerse dacordo para ter un sistema educativo **para todos e con todos** pode que non se lle poida chamar sociedade e menos de benestar.

## Charla do Director do Colexio



A directiva do Colexio convocou ás nais e pais un ano máis, nesta ocasión o día 19, para explicarnos polo miúdo o estado do mesmo. Falouse da súa organización, dos recursos dos que dispoñen, tanto materiais como humanos, a posta en marcha do Plan Abalar, o transporte escolar, as preocupacións sobor da situación actual e de cara ó futuro, co retraso na construción do colexio novo...

Aproveitando a ocasión, o director do centro fixo un resumo do "anteprojecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE)", tema no que intentaremos profundizar dende a ANPA informando a todos das diferentes novidades que incorpora a lei.

Temos que apuntar que o número de asistentes foi igual de baixo que noutras ocasións, e que algunhas persoas alí presentes mostraron o seu malestar por este motivo. A baixa implicación dos pais e nais nun tema que afecta tanto ós seus fillos como é a educación na escola, á que asisten durante tantos anos, é moi chamativa.

Queremos agradecer ó equipo directivo este tipo de accións que permiten que nos acheguemos cada día un pouco máis ó noso colexio.

